

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

| Código   | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|--------|----------|---------------|
| 36011579 | A Guía | Vigo     | 2024/2025     |

**Ciclo formativo**

| Código da familia profesional | Familia profesional  | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo     | Grao                             | Réxime                 |
|-------------------------------|----------------------|---------------------------|---------------------|----------------------------------|------------------------|
| COM                           | Comercio e márketing | CD1COM001100              | Servizos comerciais | Ciclos formativos de grao básico | Réxime xeral-ordinario |

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

| Código MP/UF | Nome                                | Curso     | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|-------------------------------------|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP3070       | Operacións auxiliares de almacenaxe | 2024/2025 | 5                | 146          | 175            |

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

|                                |                         |
|--------------------------------|-------------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | ALICIA PONTÓN RODRÍGUEZ |
| Outro profesorado              |                         |

Estado: Pendente de supervisión inspector

**2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo**

Este profesional exerce a súa actividade por conta allea en empresas de distribución comercial, tanto maioristas (centrais de compras, mercados centrais de abastos, entre outras), como minoristas (tendas, supermercados, hipermercados e grandes superficies comerciais), en centros de distribución comercial e en departamentos comerciais e almacéns de empresas de outros sectores produtivos.

As ocupacións e postos de traballo máis relevantes son os seguintes:

Auxiliar de dependente de comercio.

Auxiliar de animación do punto de venda.

Auxiliar de venda.

Auxiliar de promoción de vendas.

Empregado/a de reposición.

Operador/a de cobro ou caixeiro/a.

Operario/a de pedidos.

Carrilleiro/a de recepción e expedición.

Contador/a de recepción e expedición.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

| U.D. | Título                                | Descrición  | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|---------------------------------------|---|--------------------|----------|
| 1    | Recepción e ubicación de mercadorías. | Etiquetas, embalaxes, documentos así como os medios de transporte coa tipoloxía do produto.     | 35                 | 20       |
| 2    | Codificación de mercadorías.          | Simboloxía e a normativa de embalaxe, coa tipoloxía do produto.                                 | 35                 | 20       |
| 3    | Tipos e zonas de almacén.             | Diversos tipos de almacén, así como as actividades, tarefas e aplicación da normativa.          | 35                 | 20       |
| 4    | Inventario de mercadorías.            | Tipos de inventario e a súa finalidade, así como a funcionalidade loxística no sector servizos. | 35                 | 20       |
| 5    | Pedidos.                              | Formatos de pedido e analizar os procesos a seguir na súa formalización.                        | 35                 | 20       |

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                          | Duración |
|-----|---------------------------------------|----------|
| 1   | Recepción e ubicación de mercadorías. | 35       |

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Recibe mercadorías tendo en conta a relación entre as súas características e as condicións de almacenamento previstas | SI       |

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA1.1 Relacionáronse etiquetas, embalaxes e medios de transporte coa tipoloxía de produtos e de destinos, para a súa correcta manipulación        |
| CA1.2 Identificáronse tipos de cargas e mercadorías en función das súas características específicas de manipulación                               |
| CA1.3 Verificouse a correspondencia entre as mercadorías recibidas e as súas etiquetas e/ou o contido do albará                                   |
| CA1.4 Identificáronse os tipos de documentos relacionados coa recepción (pedido, albará, etiquetas, cartas de porte, acta e informe de recepción) |
| CA1.5 Recoñecéronse as discrepancias e as anomalías máis frecuentes das cargas  |
| CA1.6 Extraeuse unha mostra dunha carga para a súa inspección   |
| CA1.7 Clasificáronse mercadorías conforme as súas características e as condicións de conservación   |
| CA1.8 Descríbironse os procesos de desconsolidación e desembalaxe de cargas manualmente ou utilizando as ferramentas adecuadas                    |
| CA1.9 Utilizáronse follas de cálculo para cubrir fichas de almacén  |
| CA1.10 Elaborouse un informe co resultado da recepción, utilizando aplicacións informáticas   |

**Criterios de avaliación**

CA1.11 Empregouse tempo e esforzo en ampliar coñecementos e información complementaria

**4.1.e) Contidos**
**Contidos**

Medios de transporte.

Procedementos de control de descargas.

Concepto e clasificación das mercadorías.

Documentos relacionados coa recepción de mercadorías.

Rexistro de mercadorías. Libro rexistro de entrada e saída.

Fichas de almacén: sistemas FIFO e PMP.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                 | Duración |
|-----|------------------------------|----------|
| 2   | Codificación de mercadorías. | 35       |

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA2 - Etiqueta mercadorías mediante aplicacións informáticas específicas, valorando o control da rastrexabilidade que posibilita o seu rexistro e a súa codificación | SI       |

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA2.1 Identifícaronse sistemas de codificación de mercadorías   |
| CA2.2 Descríbironse os contidos e os significados dos códigos   |
| CA2.3 Consultouse un índice de códigos nunha base de datos de almacén                                 |
| CA2.4 Etiquetáronse mercadorías co código de xeito visible  |
| CA2.5 Indicáronse condicións de manipulación e conservación dos produtos                              |
| CA2.6 Descríbiuse a rastrexabilidade das mercadorías a partir da etiqueta e dos documentos de control |
| CA2.7 Realizouse a alta no rexistro de existencias utilizando aplicacións informáticas                |
| CA2.8 Respectáronse e aplicáronse as medidas de prevención e seguridade de riscos laborais no almacén |

**4.2.e) Contidos**

| Contidos   |
|--|
| <p>Sistemas de codificación. Códigos EAN.</p> <p>Etiquetas: tipos e funcións.</p> <p>Ferramentas de control da etiquetaxe.</p> <p>Rotulación e sinais nas embalaxes. Pictogramas.</p> <p>Medidas de prevención de riscos laborais.</p> |

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD              | Duración |
|-----|---------------------------|----------|
| 3   | Tipos e zonas de almacén. | 35       |

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA3 - Almacena produtos e mercadorías, e xustifica a súa colocación e as condicións de almacenamento en función do espazo dispoñible | SI       |

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA3.1 Clasifícanse os tipos de almacéns   |
| CA3.2 Identifícase a situación física das zonas do almacén  |
| CA3.3 Descríbense sistemas básicos e regras xerais de colocación de mercadorías no almacén para aproveitar optimamente o espazo dispoñible                                  |
| CA3.4 Interpretáronse ordes de movemento de mercadorías e produtos para aproveitar optimamente o espazo de almacenaxe ou proceder á súa expedición ou á súa subministración |
| CA3.5 Descríbiuse o funcionamento de carretas automotoras para a manipulación de cargas   |
| CA3.6 Colocáronse cargas ou mercadorías no lugar indicado na orde de traballo, tendo en conta as súas características e as súas condicións de manipulación                  |
| CA3.7 Utilizáronse medios informáticos para transmitir con precisión a información dos movementos de cargas e mercadorías que se realizan                                   |
| CA3.8 Aplicáronse e respectáronse as medidas de seguridade e prevención de riscos no almacén  |
| CA3.9 Mantívose o almacén limpo e ordenado  |

**4.3.e) Contidos**

| Contidos   |
|--|
| Tipos de almacéns desde distintos puntos de vista. |
| Zonas do almacén. Criterio ABC.                    |
| Tipos de andeis de almacenamento.                  |

| Contidos  |
|---|
| Equipamentos mecánicos para a manipulación de mercadorías.                                |
| Normas de seguridade e hixiene que regulan a conservación e o mantemento de mercadorías.  |
| Seguridade e prevención nas operacións auxiliares de almacenaxe. Sinalización en almacéns |

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD               | Duración |
|-----|----------------------------|----------|
| 4   | Inventario de mercadorías. | 35       |

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA4 - Colabora na elaboración de inventarios de mercadorías, realizando operacións básicas de control de existencias mediante ferramentas informáticas de control de almacéns | SI       |

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación  |
|--|
| CA4.1 Descríbiuse a documentación técnica relacionada co almacén   |
| CA4.2 Relacionouse a almacenaxe mínima co tempo de aprovisionamento de provedores/as e a demanda   |
| CA4.3 Identifícanse os tipos de almacenaxe e de inventarios, así como as súas variables  |
| CA4.4 Realízouse inventario de produtos existentes nun almacén, elaboráronse partes de incidencia, en caso necesario, e comunicáronse necesidades de reaprovisionamento e roturas de existencias |
| CA4.5 Sinaláronse os mecanismos que se empregan para asegurar a renovación de almacenaxes e o mantemento das existencias mínimas   |
| CA4.6 Identifícase o sistema óptimo de reposición de existencias en función do tipo de almacén   |
| CA4.7 Utilizáronse aplicacións informáticas específicas de control de almacéns   |
| CA4.8 Elaborouse a información asociada ao control do almacén, de xeito ordenado, estruturado, claro e preciso, utilizando procesadores de texto e follas de cálculo                             |

|                                |
|--------------------------------|
| <b>Criterios de avaliación</b> |
|--------------------------------|

|   |
|---|
| CA4.9 Valorouse a relevancia do control de almacén na distribución comercial e no proceso produtivo |
|---|

**4.4.e) Contidos**

|                 |
|-----------------|
| <b>Contidos</b> |
|-----------------|

Sistemas de almacenaxe.

Sistemas de reposición das mercadorías. Existencias mínimas e existencias de seguridade.

Inventario: finalidade e tipos.

Proceso de elaboración de inventarios. Fichas para control físico.

Utilización de aplicacións informáticas nas actividades auxiliares de control de existencias.

Loxística, definición e funcións.

Normas básicas de actuación en caso de emerxencias.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--------------|----------|
| 5   | Pedidos.     | 35       |

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA5 - Prepara pedidos para a súa expedición, tendo en conta a relación das características e das condicións de manipulación e conservación de mercadorías e produtos coas ordes de traballo e os documentos de expedición | SI       |



**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación  |
|--|
| CA5.1 Interpretouse a normativa que regula a embalaxe e a etiquetaxe das mercadorías e dos produtos  |
| CA5.2 Relacionáronse as características dos tipos de embalaxe coas características físicas e técnicas dos produtos e das mercadorías, coas súas condicións de manipulación e co seu transporte |
| CA5.3 Descríbironse, a partir da orde de pedido, as mercadorías que cumpra expedir   |
| CA5.4 Verificouse, a partir das fichas de almacén, que exista mercadoría suficiente para cubrir o pedido   |
| CA5.5 Descríbironse os movementos que haxa que realizar no almacén ata localizar a mercadoría na zona de expedición e os equipamentos adecuados de manipulación                                |
| CA5.6 Utilizáronse aplicacións informáticas para cubrir notas de entrega   |
| CA5.7 Rexistráronse saídas de mercadorías en fichas de almacén e documentación técnica   |
| CA5.8 Creáronse etiquetas e determinouse o lugar que deben ocupar na embalaxe, así como os sinais de protección da mercadoría  |
| CA5.9 Interpretáronse ordes de carga, identificando o lugar de colocación da mercadoría no medio de transporte en función das súas características físicas e o seu destino                     |
| CA5.10 Demostrouse responsabilidade ante erros   |

**4.5.e) Contidos**

| Contidos   |
|--|
| Orde de pedido.  |
| Recepción e tratamento de pedidos.   |
| Consolidación de cargas. Palés: tipos e funcións.  |
| Etiquetaxe e embalaxe de expedición. Tipos de embalaxes segundo a mercadoría. Embalaxes especiais. |
| Albará: funcións, datos e tipos.   |
| Relacións entre o ambiente e as embalaxes.   |

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Todos os Criterios de Avaliación (CA) establécense como mínimos tendo que acadarse o 50% da cualificación de cada un para ter unha avaliación positiva. O cálculo do 50% establecerase no nivel mínimo de logro que corresponda ao instrumento de avaliación empregado.

Os procedementos de avaliación que se aplicarán poderán ser:

a. Probas de coñecementos:

- Poden consistir en exames escritos con preguntas curtas e/ou a desenvolver, cuestionarios tipo test ou supostos prácticos.
- Conterán instrucións de realización con indicación de tempos máximos para realizalas e a cualificación máxima por preguntas ou apartados.
- Nos cuestionarios tipo test se indicará que a nota mínima a acadar é dun 5. Tendo en conta que se penalizarán as preguntas mal contestadas.
- Para os exames escritos con preguntas a desenvolver ou supostos prácticos empréganse modelos de solución (padróns) graduados do seguinte xeito:
  - . Pregunta completa 100% da cualificación, pregunta case completa 75% da cualificación, pregunta aceptable (mínimo) 50% da cualificación, pregunta incompleta 25% da cualificación, pregunta moi incompleta 5% da cualificación.

Unha proba de coñecementos non realizada inxustificadamente, suporá volvela realizar no período de actividades de recuperación correspondente.

- Este tipo de probas serán combinadas. Ou sexa, se avaliarán varios criterios de cualificación nelas. A cualificación consistirá en corrixir a proba globalmente e repartir a cualificación entre os CA avaliados en función do peso establecido.
- En cada período de avaliación parcial (decembro, marzo, xuño) este tipo de probas terá un peso do 60% da cualificación obtida. As cualificacións de probas de coñecementos superiores a 4 puntos poderán facer media co resto de procedementos de avaliación para o cálculo da nota de cada avaliación.

b. Probas de produto e/ou desempeño:

- Poden consistir en traballos de investigación, memorias, fichas, plans, obxectos e defensas orais tanto en grupo como individuais.



- Conterán indicacións/instrucións precisas sobre como presentalas, os formatos de presentación, o xeito de presentación (correo electrónico, aula virtual...), como debe ser defendido, os prazos de presentación, as penalizacións por presentación fóra de prazo e de como se cualificarán (niveis de logro e indicadores).
- Un produto non presentado inxustificadamente, implicará volvelo realizar no período de actividades de recuperación correspondente.
- Cualifícanse con táboas de indicadores (rúbricas) con catro niveis de logro: completo/excelente 100% da cualificación do indicador de que se trate; case completo/bo 75%; aceptable (mínimo) 50% e insuficiente do 0% ao 40%.
- Nas táboas de indicadores empregaranse os seguintes bloques: expresión escrita, ortografía, formato, presentación e creatividade, contido e desempeño. Os indicadores de contido puntuarán como mínimo un 60% da cualificación total do produto.
- Se o produto que se pide trae asociada unha exposición oral (defensa) esta será avaliada por separado coa súa correspondente táboa de indicadores que incluírán os seguintes bloques: linguaxe non verbal, linguaxe verbal, presentación e creatividade do apoio visual.
- Este tipo de probas serán combinadas. Ou sexa, se avaliarán varios criterios de cualificación nelas. A cualificación consistirá en corrixir a proba globalmente e repartir a cualificación entre os CA avaliados en función do peso establecido en axustar avaliación.
- En cada período de avaliación este tipo de probas terá un peso do 40% da cualificación obtida. As cualificacións de produtos superiores a 4 puntos poderán facer media co resto de procedementos de avaliación para o cálculo da nota de cada avaliación.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

- As probas con cualificacións inferiores a 4 puntos deberán ser superadas nos períodos correspondentes para as actividades de recuperación que se establezan.
- Se a nota da 1ª, 2ª ou 3ª avaliación é inferior a 5 puntos deberán ser recuperadas unicamente as probas de coñecemento ou de produtos e/ou desempeños que, individualmente, obtiveron una cualificación inferior a 5 puntos.
- As actividades de recuperación desenvolveranse en xuño aínda que durante o curso se establecerán para cada proba non superada, outros períodos de recuperación en datas anteriores. Trátase de que o alumnado aprenda dos propios erros e sexa capaz de corríxilos.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Ao non contemplarse a perda de avaliación continua en Fpbásica, non procede o exame.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

- Cada 15 días, farase o seguimento da programación na aplicación informática. Mensualmente se dará conta na reunión de departamento preceptiva deste seguimento.
- A avaliación da práctica docente realizarase unha reflexión sobre as competencias de programación, actividades de aula, avaliación e formación tendo en conta os seguintes indicadores de cada competencia:
  - a. Programación:
    - Planificación do traballo docente.
    - Programación de unidades didácticas.
    - Programación de actividades e tarefas.
    - Tratamento da atención á diversidade e da transversalidade.



b. Actividades de aula:

- Metodoloxía desenvolvida.
- Motivación para a aprendizaxe.
- Potenciación da autonomía no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Coordinación co resto do equipo docente.
- O clima na aula e resolución de conflitos.
- Traballo en equipo.
- Actividades desenvolvidas variadas facendo un papel docente-guía.
- Utilización dos recursos do contexto para reforzar o proceso EA.
- Atención á diversidade.
- Inclusión da transversalidade nas actividades.

c. Avaliación:

- Instrumentos utilizados para facer a avaliación inicial e o seu rexistro.
- Instrumentos utilizados para a avaliación continua e o seu rexistro.
- Procedemento utilizado para a avaliación final.
- Coavaliación e autoavaliación, se proceden.
- Desenvolvemento das actividades de recuperación.
- Información proporcionada sobre a avaliación e a cualificación.

d. Formación:

- Formación desenvolvida formal.
- Formación desenvolvida non formal.

- Na memoria do fin de curso se poderán recoller propostas de modificacións para o curso seguinte, en función da autoavaliación anterior realizada.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao inicio do curso, débese determinar as actitudes e coñecementos dos/as alumnos/as fronte a materia a tratar, ben sexa a través do diálogo en clase ou ben a través de proba escrita. O obxectivo principal é determinar os coñecementos previos do alumno así como aqueles casos que han de ser obxecto de atención especial.

Tamén se buscará recoller os intereses dos alumnos que poidan axudar na súa motivación.

A avaliación inicial farase durante as primeiras semanas do curso, mediante unha proba escrita individual (exames ou exercicios), a cal nos vai permitir obter datos respecto a súa situación previa ou mediante observación na resolución de casos prácticos. Na devandita proba prantexaráselle cuestións obxectivas: preguntas tipo test, relación e conceptos, indicando a materia sometida a avaliación. A finalidade desta proba é demostrar os coñecementos que os alumnos traen adquiridos en relación ca materia que se vai a impartir.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o alumnado que non responda adecuadamente as actividades programadas aplicaráselle as seguintes medidas en función das súas necesidades:

- Recuperacións das partes non superadas antes do período de actividades de recuperación
- Tarefas de alumnado específicas de reforzo.
- Introducción de estratexias e ferramentas que reforcen as competencias clave, nas actividades deseñadas.
- Deseño de actividades secuenciadas que axuden a entender o que se pide.
- Coordinación co equipo docente para tratar o reforzo en competencias clave

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Tendo en conta o anterior no ámbito da familia profesional de Comercio e Marketing, trataranse as seguintes temáticas, de xeito transversal, tanto nas tarefas do profesorado como do alumnado:

1. Valores democráticos e mellora da cohesión social.
2. Loita contra a pobreza e contribución ao desenvolvemento humano.
3. Dereitos Humanos.
4. Protección das minorías e do colectivo LGTBIQ
5. Dereitos laborais.
6. Respecto das condicións de competencia.
7. Transferencia de tecnoloxía: respecto licenzas e patentes.
8. Preservación do Medio Ambiente. A sustentabilidade.
9. Promoción da igualdade de xénero.
10. Reforzo do respecto dos Dereitos Fundamentais. A protección de datos persoais.
11. Deontoloxía profesional.
12. Identidade dixital: netetiqueta.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Para ei presente curso preténdese realizar, como vén sendo habitual en cursos pasados, algunhas actividades que acheguen ao alumnado ao mundo das empresas da contorna

Neste sentido, poderán ser organizadas polo profesor ou profesora, en colaboración do Departamento de Comercio e Marketing e a Dirección do Centro.